

COMO CHAMAR AL "GALEGO-ASTURIANO"?

Fala X

Chamalo "fala" sería como chamar al castellano "habla". *Fala* non é un glotónimo, é un nome xeral pra se referir a úa lingua, sinónimo de xerga ou xiria, acento, linguaxe, idioma... Ten sentido decir: "eu falo fala" ou "yo leo en habla" ou "escribes en fala"...?

Eonaviego X

Este nome delimita unha área xeográfica, a situada entre os ríos Eo e Navia. Non é un glotónimo, non ten nada que ver coa lingua e por tanto debería evitarse, xa que sólo crea confusión. Ademais ignora el tronco lingüístico, feito que condiciona mui seriamente a súa normalización.

Galego(-)asturiano X

V Este é el nome legal recollido na Lei 1998/1. Foi acuñado por el filólogo Dámaso Alonso para designar el galego falado en territorio asturiano.

X A pesar de ser el termo legal, ás veces utilízase pra considerar esta variedade lingüística un híbrido, induciendo a confusiois.

Chapurriao X

Este nome ten un significado pexorativo e manifesta úa intención vulgarizante. El verbo *chapurrear* significa "falar de úa forma mixta e imperfecta".

Galego de Asturias V

V É úa forma posible -e correcta- de denominar a nosa variante dialectal porque la adscribe al sou tronco lingüístico e especifica a qué comunidade pertenece, sen que leve a confusiois.

Galego V

V Outra forma posible, directa, real e breve de referirse a "lo noso". Lo que é, é... para que andar con reviravoltas? A nosa fala é parte del idioma galego, falado en Galicia, Asturias, Extremadura e Castela-León. Un idioma que traspasa fronteiras administrativas.

Se tes algúa duda, **infórmate!**

Podes acudir á Asociación Axuntar:

www.axuntar.gal

asociacionaxuntar@gmail.com

Taremos encantadx de informarte!